

Crónica

Malas cartas

María Asunción CANAL COVELO

Non foron malas, non, foron moi boas, as cartas que repartiron Manuel Pereira e Pilar Mera o 7 de marzo na presentación da última novela do escritor estradense na Universidad Complutense de Madrid entre o numeroso público que ategaba a sala. Saltando o rigor dos canons, e a través dun diálogo ameno e fluído, Pilar Mera e Manuel Pereira agasalláronnos cunha conversa íntima entre lectora e autor.



Especialista en xornalismo, ciencias políticas e historia, a entrevistadora dirixiu coas súas tímidas preguntas e os seus apaixonados comentarios unha presentación que conseguiu converterse axiña nunha fiestra aberta ao microcosmos que recrea esta novela. Coas súas respostas, Manuel transpor-



tounos a este mundo cargado de realismo, espello do día a día dunha vila galega de posguerra, na que as “forzas vivas” intentan competir en autoridade co caciquismo herdado do Antigo Réxime. Un mundo construído a partir dun minucioso traballo de documentación do autor, perfeccionista ata o extremo, calidade que define toda a súa obra.

Malas cartas é unha novela breve, mais intensa, na que cada frase, coidada ata o máis mínimo detalle, é unha peza imprescindible. Con personaxes e diálogos extremadamente realistas, descrições minuciosas e referencias dunha fidelidade histórica impresionante, a última novela de Manuel Pereira foi, moi merecidamente, acollida dun xeito extraordinario pola crítica dentro e fóra de Galicia, agora é a quenda dos lectores.

